
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 1 DE OUTUBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade da totalidade da estrada AC-192, un resto da AC-840 marxe esquerda, e resto da AC-840 marxe dereita, a prol do Concello de Melide.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan de banda larga de Galicia 2020.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, por procedemento aberto, tramitación ordinaria e suxeita a regulación harmonizada, das obras de construción do novo edificio xudicial de Pontevedra, por un importe de licitación de dezanove millóns novecientos noventa e nove mil seiscentos corenta e sete euros con setenta e sete céntimos (19.999.647,77€), e un valor estimado do contrato de dezaioito millóns cento oitenta e un mil catrocentos noventa e sete euros con noventa e sete céntimos (18.181.497,97€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igappe), XesGalicia Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco S.A., o Consorcio da Zona Franca de Vigo, e Vigo Activo Sociedad de Capital de Riesgo de Régimen Simplificado S.A., para o desenvolvemento da terceira edición do Programa ViaVigo; por importe de dous millóns douscentos cincuenta mil euros (2.250.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para impulsar a transferencia de investigación no Sistema universitario galego, por un importe total de vinte e dous mil euros (22.000,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de Lei de acuicultura de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias de xuízo ante o tribunal do xurado 721/2015 do Xulgado de Violencia sobre a Muller núm. 1 de Vigo abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de Divina Mendes Pereira da Silva.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Resolución da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se autorizan as instalacións e se aproba o proxecto de execución da 1ª fase do parque eólico Monte Arca, de 9 MW, localizado no Concello da Estrada (Pontevedra) e promovido pola sociedade Vento Continuo Galego, S.L. (expediente IN661A 2011/9-4).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a transferencia e difusión de resultados da investigación no Sistema público de saúde de Galicia. Proxecto PRIS.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE MELIDE DA ESTRADA AC-192 LOGO DE ACOMETER AS OBRAS DE MELLORA DO FIRME

- ***O Goberno galego autoriza a transferencia do treito entre O Mesón e Moldes, cunha lonxitude de case 2,5 quilómetros, amais duns 400 metros que quedaban pendentes a ambas as dúas marxes da estrada AC-840***
- ***As obras realizadas recentemente na AC-192 pola Administración autonómica, permiten que hoxe se transfira a súa titularidade a esta entidade local nunhas axeitadas condicións para a súa xestión***
- ***Os traballos realizados no vial requiriron dun investimento por parte da Xunta superior aos 50.000 euros***
- ***O cambio de titularidade permitirá que o Concello de Melide actúe sobre esta vía e reducirá as cargas administrativas aos cidadáns dos núcleos polos que discorren***
- ***A entrega deberá formalizarse no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no DOG, mediante a sinatura da correspondente acta de entrega***

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o cambio de titularidade a prol do Concello de Melide da totalidade da estrada AC-192 (O Mesón-Moldes) cunha lonxitude total de 2,460 quilómetros, logo de acometer o pasado verán as obras de mellora do firme.

Na xunta de Goberno celebrada hoxe, a Xunta deu tamén o visto e prace para a transferencia duns restos da estrada AC-840 (Betanzos-Agolada). En concreto, os tramos pendentes atópanse entre os puntos quilométricos 54+560 e 54+710 da marxe esquerda, cunha lonxitude de 0,154 quilómetros, e entre o 54+790 e 55+040 da marxe dereita, cunha lonxitude de 0,280 quilómetros.

Hai que destacar que a Axencia Galega de Infraestruturas realizou neste verán as actuacións de conservación solicitadas polo concello de Melide no firme e sinalización.

As obras realizadas recentemente na AC-192 pola Administración autonómica, permiten que hoxe se transfira a súa titularidade a esta entidade local nunhas axeitadas condicións para a súa xestión.

Os traballos realizados no vial requiriron dun investimento por parte da Xunta superior aos 50.000 euros e tiveron por obxecto a rehabilitación do firme en mais de 15.300 m², estendendo un tratamento superficial en todo o ancho da plataforma, e a reposición das marcas viarias e colocación da sinalización vertical necesaria.

Estes tramos atópanse en solos de núcleo rural e rústico e teñen unha funcionalidade local. Co cambio de titularidade, o Concello do Melide poderá actuar sobre estes viais, que pasan a ser de titularidade municipal, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos, e reducirá as cargas administrativas sobre os cidadáns dos núcleos polos que discorre.


—

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente exerce as súas competencias de tramitación e dálle o visto e prace á solicitude de transferencia formulado polo municipio. A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, así como de elementos funcionais e espazos da zona de dominio público adxacente, como é o caso destas parcelas, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en estradas.

En aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Melide deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír o cambio de titularidade.

A entrega deberá formalizarse no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle ao Concello da Melide, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación dos terreos sobrantes, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular dos terreos.



A XUNTA APROBA O PLAN DE BANDA LARGA 2020 PARA QUE TODOS OS GALEGOS TEÑAN ACCESO A REDES DE TELECOMUNICACIÓNS ULTRARRÁPIDAS

- *En 2020 o 96 % da poboación disporá de cobertura de banda larga de 30Mbps a través de redes fixas e sen fíos e o 4 % restante poderá acceder vía satélite*
- *Todos os núcleos de poboación de máis de 500 habitantes contarán con acceso a redes de 100Mbps*
- *O 100 % dos polígonos e parques empresariais disporán de cobertura de, cando menos, 30Mbps e máis da metade terán acceso a redes de 100Mbps de velocidade*
- *En cinco anos investiranse en Galicia máis de 100 millóns entre financiamento público e privado para impulsar o despregamento e adopción de redes ultrarrápidas*

O Plan de banda larga de Galicia 2020, aprobado hoxe no Consello da Xunta, asume os obxectivos establecidos na Axenda dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de, cando menos, 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga por riba dos 100Mbps.

Para acadar estes obxectivos serán chave os despregamentos de infraestruturas de telecomunicacións realizados pola Xunta nos últimos cinco anos, que permitiron universalizar o acceso á banda larga de cando menos 2Mbps e que a metade da poboación dispoña da posibilidade de acceso a redes de nova xeración de ata 200Mbps.

Non obstante a rápida evolución das tecnoloxías require, ademais dunha cobertura universal, velocidades de banda larga moito máis elevadas para garantir o acceso e o emprego de novos e cada vez máis sofisticados servizos dixitais.

Con este obxectivo a Xunta pon en marcha o Plan de banda larga 2020, que mobilizará 46 millóns de euros, entre financiamento público e privado. A este orzamento engádesse o investimento previsto polo Estado de 44 millóns de euros en Galicia dentro do programa Programa de extensión da banda larga de nova xeración, que xunto co investimento privado inducido por esta medida, suporán máis 100 millóns de euros de en cinco anos no impulso, e o despregamento e adopción de redes ultrarrápidas en Galicia .

O plan da Xunta establece un conxunto de medidas en tres itinerarios: innovación, eficiencia e intelixencia.

INNOVACIÓN. Promover o acceso á banda larga de alta velocidade para todos

O primeiro itinerario recolle as accións orientadas á planificación, modernización e ampliación das infraestruturas de redes ultrarrápidas.

A principios de 2016 abrírase a primeira convocatoria pública para incentivar os despregamentos de redes de 100Mbps co obxectivo de que en 2020 dispoñan deste

servizo todos os núcleos de máis de 500 habitantes, o 60 % da poboación da Comunidade. O plan dotará tamén de redes ultrarrápidas destas velocidades o 55 % dos polígonos e parques empresariais (un total de 91), o que supón case o 90 % da superficie empresarial ocupada en áreas empresariais de Galicia.

A seguinte convocatoria estará destinada aos despregamentos de redes de 30Mbps para conseguir que a práctica totalidade da poboación (96 %) e todos os polígonos e parques empresariais dispoñan desta cobertura de banda larga ultrarrápida.

Para o 4 % restante, a porcentaxe de poboación das zonas máis illadas da Comunidade, executaranse medidas de apoio para que poidan acceder vía satélite.

EFICIENCIA. Garantir un contorno favorable para axilizar a extensión de infraestruturas

O segundo dos itinerarios do plan abarca o desenvolvemento de actuacións que faciliten a coordinación dos axentes implicados para garantir unha rápida e ampla extensión de redes de banda larga de alta velocidade.

Neste senso, entre as actuacións previstas están a definición dun modelo de ordenanza municipal de telecomunicacións que promova a homoxeneidade e simplificación dos trámites necesarios nos despregamentos; a elaboración dunha serie de recomendacións comúns para a inclusión das infraestruturas de banda larga nos instrumentos de planeamento urbanístico, así como a posta a colaboración co resto de administracións públicas para a identificación centralizada das infraestruturas útiles para os despregamentos de redes.

INTELIXENCIA. Favorecer a demanda de servizos de banda larga

O terceiro itinerario oríentase estimular a demanda de servizos de banda larga incrementando así o número de usuarios conectados á rede.

Deste xeito, en aliñamento coa estratexia de inclusión dixital, impartiranse cursos formativos específicos para aumentar a capacitación dixital da cidadanía e empresas. E, pola súa vez, continuaranse a desenvolver actuacións de sensibilización e difusión sobre a utilidade dos servizos de banda larga, así como de impulso ao desenvolvemento de servizos e solucións dixitais atractivas para os usuarios.

A XUNTA AVANZA UN PASO MÁIS E DÁ LUZ VERDE Á LICITACIÓN DO NOVO EDIFICIO XUDICIAL DE PONTEVEDRA

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe o expediente de contratación das obras, nas que se investirán máis 20 millóns de euros***
- ***O futuro edificio xudicial contará con máis de 21.000 metros cadrados e espazo para albergar preto de trinta unidades xudiciais***
- ***O contrato incluírá unha serie de cláusulas sociais para garantir condicións de traballo digno e fomentar a contratación de empresas de inserción laboral***

O Consello da Xunta deu luz verde á licitación do novo edificio xudicial de Pontevedra, ao autorizar esta mañá o expediente de contratación das obras, por procedemento aberto, tramitación ordinaria e suxeita a regulación harmonizada.

O pasado mes de agosto a Xunta ratificou a aceptación dos terreos por parte do Concello de Pontevedra e agora continúa co seu compromiso de axilizar a licitación dos novos xulgados, coa intención de que as obras comecen este mesmo ano.

A obra do novo edificio xudicial da Parda está programada para ser executada nun prazo de 24 meses e un dos criterios de avaliación a redución do prazo de execución. O custo total da actuación é de arredor dos 20,7 millóns de euros, un dos maiores investimentos na nosa comunidade destinado a unha infraestrutura xudicial.

O futuro edificio xudicial contará con máis de 21.000 metros cadrados e espazo para albergar 28 unidades xudiciais. O inmovble agrupará todos os xulgados dispersos agora mesmo na cidade e estará comunicado a través dunha pasarela co actual edificio xudicial, formando un único complexo.

Cláusulas sociais

De acordo co disposto na Lei de racionalización e na guía para unha contratación pública socialmente responsable -aprobada hai un par de semanas pola Xunta-, no prego inclúese unha serie de cláusulas sociais relacionadas cos requisitos de solvencia exixidos á empresa e a estabilidade no emprego.

Ademais, establécense condicións especiais de execución do contrato cuxo incumprimento dará lugar á imposición de penalidades e, en caso de reiteración, á resolución do contrato. Así, a empresa adxudicataria deberá garantir a aplicación estrita das condicións laborais que estableza o convenio colectivo dos traballadores e adoptar as medidas de seguridade, hixiene e de prevención de riscos laborais establecidas na normativa vixente.

Finalmente, recoméndase á empresa adxudicataria que, en caso de subcontratar parte dos traballos o faga, na medida do posible, con centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral. A estas empresas subcontratistas se exixiránelles as mesmas obrigas de carácter social que ás empresas adxudicatarias.

XUNTA E ZONA FRANCA REFORZAN A SÚA APOSTA POLO EMPRENDEMENTO INNOVADOR MOBILIZANDO MÁIS DE 2,2 MILLÓNS PARA A EXTENSIÓN DAS ACTIVIDADES DA ACELERADORA VÍA GALICIA

- ***A Consellería de Economía e Industria duplica o apoio económico á iniciativa achegando, a través da Axencia Galega de Innovación e XesGalicia, 1,5 millóns que se suman aos 840.000 euros do Consorcio da Zona Franca de Vigo***
- ***A iniciativa, que da continuidade a Vía Vigo, amplía o radio de acción a Lugo e permitirá seleccionar 15 proxectos que percibirán respaldo económico, infraestruturas e asesoramento para desenvolver o seu plan de negocio***
- ***A selección destas iniciativas intégrase nun proceso en que tomaron parte 314 proxectos -219 de Vigo e 95 de Lugo-, dos que foron preseleccionados 40 en cada sede, e que neste mes acudirán a un Startup Day para competir por unha praza de finalista***
- ***Na selección valoraranse especialmente as ideas de negocio enmarcadas nas prioridades temáticas da RIS3: xestión innovadora dos recursos naturais e culturais, mellora da competitividade industrial e tecnoloxías para unha vida saudable e o envellecemento activo***

A Xunta de Galicia ten no emprendemento un dos piares básicos de actuación para consolidar a recuperación económica e xerar emprego. Neste contexto, o Consello da Xunta coñeceu hoxe o marco en que se está a desenvolver o programa Vía Galicia, que reforza a aposta polo emprendemento innovador na Comunidade ampliando, nesta terceira edición, o seu radio de acción a Lugo tras a exitosa experiencia de Vía Vigo en 2013 e 2014. Desta volta, dúplícase o respaldo económico do Goberno galego a unha iniciativa que suma un orzamento conxunto de máis de 2,2 millóns de euros: 1,5 millóns investidos pola Xunta e 840.000 euros de Zona Franca, o Consorcio e a súa sociedade de capital-risco Vigo Activo.

Este investimento destinarase a acelerar os 15 proxectos finalistas do proceso de selección que lavarase a cabo entre as dúas sedes –Vigo e Lugo–, que non só percibirán apoio económico, senón tamén apoio en forma de infraestruturas para poñer en marcha a súa empresa, e asesoramento experto para desenvolver o plan de negocio e captar financiamento.

A selección destas 15 iniciativas intégrase nun proceso de participación en que tomaron parte, inicialmente, 314 proxectos –219 por Vigo e 95 por Lugo–, dos que foron preseleccionados 40 en cada unha das sedes, e que neste mes de outubro acudirán a un *Startup Day* para competir por unha praza de finalista. A finais de mes quedarán seleccionados os 20 proxectos que pasarán á fase de academia, na cal os emprendedores recibirán formación sobre as competencias e habilidades necesarias para definir o seu modelo de negocio.

Finalizada esta fase, os emprendedores presentarán os seus proxectos e os 15 mellores entrarán na fase de aceleración para desenvolver o seu plan de negocio durante seis meses. Nesta fase, cada proxecto contará con préstamos participativos de ata 125.000 euros, dos que 75.000 serán achegados pola Xunta a través da Axencia Galega de Innovación e XesGalicia, e os 50.000 restantes por Zona Franca. Rematado este proceso, os equipos presentarán os seus plans xa madurados diante dun panel de investidores nacionais e internacionais co obxectivo de conseguir o financiamento necesario para constituírse en empresas e saír ao mercado.

Neste proceso de selección, cómpre salientar que terán unha especial valoración as ideas de negocio enmarcadas nas prioridades temáticas da Estratexia de especialización intelixente - RIS3. Isto supón primar as propostas que teñan que ver coa xestión innovadora dos recursos naturais e culturais, coa mellora da competitividade da industria e coas tecnoloxías para unha vida saudable e o envellecemento activo.

O Goberno galego, que conta con instrumentos de acompañamento ao emprendemento innovador en todas as súas fases, reforza con actuacións como Vía Galicia o seu compromiso coa etapa máis temperá, a da maduración da idea ata convertela nun proxecto de negocio capaz de constituírse nun futuro en empresa de maneira sólida e competitiva. Non en van, configúrase como un programa competitivo de alto rendemento de 18 meses de duración, que combina a formación, a titorización e o *mentoring* co desenvolvemento das ideas nun espazo de *coworking*, e a achega de capital inicial para arrancar os proxectos máis prometedores.

Xunto a Vía Galicia, o Goberno galego está a promover outro tipo de aceleradoras empresariais como Galicia Open Future ou Agrobiotech Galicia, que contribúen a crear un ecosistema emprendedor galego constituído polos proxectos que demostran ter o maior potencial para contribuír nun futuro á competitividade e ao crecemento da economía galega.

Esta nova edición de Vía Galicia aspira a dar continuidade ao labor desempeñado por Vía Vigo, que permitiu impulsar 20 proxectos empresarias. Un traballo que se enmarca dentro do esforzo realizado pola Xunta en materia de emprendemento, que nos últimos cinco anos logrou mobilizar máis de 30 millóns de euros a través da creación da Unidade Galicia Emprande para asesorar a posta en marcha de novos proxectos, os plans de mentorización, ou a Rede de *Business Angels*.

CULTURA E EDUCACIÓN IMPULSA O INTERCAMBIO DE DATOS EN MATERIA DE I+D ENTRE AS UNIVERSIDADES DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL PARA FAVORECER A PARTICIPACIÓN DO SUG EN PROXECTOS INTERNACIONAIS DE INVESTIGACIÓN

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio a través do que a Xunta subvencionará as accións necesarias para a creación dunha base de datos común***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria impulsará o intercambio de información en materia de I+D entre o Sistema universitario de Galicia (SUG) e as universidades de Minho, Porto, Tras-os-Montes e Alto Douro ao abeiro dun convenio de colaboración a través do que se subvencionan as accións para a creación de, entre outras ferramentas, unha base de datos común. O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura deste acordo, que busca favorecer a participación das universidades galegas en proxectos de investigación europeos e internacionais.

O obxectivo final desta actuación, que ten un orzamento de 22.000 euros, é o incremento da calidade científica e a materialización da transferencia tecnolóxica a partir de resultados científicos para a mellora do sistema económico e o benestar da sociedade galega. Neste sentido, cómpre lembrar que avanza na estratexia de especialización dos campus galegos que está a promover a Xunta, así como no desenvolvemento do Plan estratéxico da rede de universidades para o desenvolvemento de Galicia e Norte de Portugal (GNP) 2015-2020.

Censo de investigación

A responsable de desenvolver as accións subvencionadas no convenio será a Universidade de Santiago de Compostela (USC), aínda que redundarán tamén en beneficio das da Coruña e Vigo. Neste sentido, cómpre sinalar que a institución académica compostelá alberga a sede do Centro de Estudos Eurorrexionais (CEER), cuxo obxectivo fundacional é buscar sinerxías e complementariedades nos ámbitos académicos universitarios da Eurorrexión coa finalidade de reforzar as vinculacións entre as universidades de Galicia e o Norte de Portugal.

Entre as liñas de actuación previstas no acordo destaca a elaboración dun censo de investigación, que recompila e ordena información sobre sectores especializados no estudo e desenvolvemento de proxectos sobre I+D+i, co obxectivo de que funcione como unha ferramenta para a identificación de liñas de traballo, produtos e avances tecnolóxicos acordos coas prioridades da Estratexia de especialización intelixente. Esta compilación abarcará tanto grupos de investigación como empresas con actividades ou necesidades de I+D+i.

Base de datos

Así mesmo, crearase unha base de datos do persoal investigador que permita a localización de grupos de interese no territorio, habilidades, competencias e capacidades que demanden outros investigadores para a construción de redes de investigación. Tamén servirá para facilitar o contacto por parte de empresas interesadas con investigadores/as que desenvolvan a súa actividade científica en áreas específicas.

De forma parella, impulsarase o establecemento de contactos e redes de investigadores, que difundan información sobre convocatorias de financiamento de proxectos de investigación, relacionando departamentos e grupos de investigación para a elaboración de proxectos conxuntos de investigación para convocatorias de financiamento rexionais, estatais e europeas. O convenio prevé, ademais, o desenvolvemento de accións de formación e *networking* para a dinamización da participación das universidades nos devanditos proxectos.

A PRIMEIRA LEI DE ACUICULTURA DE GALICIA RELANZARÁ A ACTIVIDADE E PROPORCIONARÁ MAIOR SEGURIDADE XURÍDICA NESTE EIDO

- ***O Consello da Xunta autorizou esta mañá o inicio da tramitación do anteproxecto***
- ***Esta futura normativa articula os instrumentos necesarios para a explotación e xestión sustentables da actividade en catro zonas: na marítima, na marítimo-terrestre, na parte litoral da zona terrestre e na parte interior da zona terrestre (auga doce)***
- ***Incorpora procedementos que antes da presentación do correspondente proxecto final permiten ao promotor e á Administración coñecer a viabilidade dun establecemento***
- ***Prevé, ademais, como novidade a regulación da transformación do marisqueo en acuicultura***
- ***Para dotar a actividade dunha maior seguridade xurídica, clarifica as competencias entre administracións***
- ***No eido da planificación, o documento regula os plans sectoriais de ordenación, a localización da actividade e das zonas de interese preferente***
- ***Outro aspecto moi presente na futura normativa é a integración ambiental, deste xeito inclúese nos plans, entre outros criterios de ordenación, a capacidade de acollida***

A primeira Lei de acuicultura de Galicia relanzará a actividade, proporcionará maior seguridade xurídica neste eido e simplificará os trámites administrativos na obtención de permisos. O Consello da Xunta autorizou esta mañá o inicio da tramitación do anteproxecto desta lei, que tamén é a primeira destas características na Unión Europea. A futura normativa establecerá o marco da política acuícola de Galicia e articulará os instrumentos necesarios para garantir a explotación e xestión sustentables da actividade en catro zonas: na marítima, na marítimo-terrestre, na parte litoral da zona terrestre e na parte interior da zona terrestre (auga doce).

Para iso, a normativa incluírá diferentes aspectos que teñen como finalidade axilizar e simplificar os procedementos administrativos e facilitar a toma de decisións á hora de xestionar proxectos de acuicultura. Así, incorpora procedementos que, antes da presentación do correspondente proxecto final, permiten ao promotor e á Administración coñecer a viabilidade dun establecemento e ponderar as características técnicas, biolóxicas e económicas do sistema produtivo. Estes procedementos denomínanse *declaración de idoneidade*, previa ao outorgamento dos títulos habilitantes na zona terrestre, e *informe de idoneidade*, para as zonas marítima e marítimo-terrestre.

Outra novidade destacada que recolle o articulado é a regulación da transformación do marisqueo en acuicultura, permitindo aos titulares do marisqueo en bancos naturais adecuar, con carácter voluntario, a súa actividade ao exercicio da acuicultura. A actividade resultante denominarase acuicultura en parques de cultivo colectivo e contará cun réxime

normativo específico. Con ela garantírase o mantemento da actual estrutura colectiva do marisqueo e outorgárase ás entidades asociativas do sector, con prioridade ás que veñan xestionando a zona en cuestión.

Por outra banda, a lei establecerá un prazo máximo de resposta de 6 meses nos procedementos de prórroga dos permisos de actividade. Así, no caso de que a Administración xeral do Estado non ditase informe expreso sobre a ocupación do dominio público marítimo-terrestre no prazo máximo de seis meses, a Consellería do Medio Rural e do Mar estimará a solicitude de prórroga.

Ademais regula a Comisión Técnica de Acuicultura e Comisión Interadministrativa da Acuicultura, dous órganos colexiados de asesoramento científico e técnico da Administración galega no deseño e aplicación de medidas vinculadas á acuicultura e de asesoramento, control e seguimento dos asuntos da planificación da acuicultura e a tramitación dos títulos habilitantes, respectivamente.

Para dotar a actividade dunha maior seguridade xurídica, o anteproxecto de lei clarifica as competencias entre administracións. Neste sentido, o articulado indica que é a Administración Xeral do Estado, a través de Costas, a que outorga primeiro as concesións administrativas de ocupación do dominio público marítimo-terrestre e despois a Consellería do Medio Rural e do Mar outorga o permiso para o exercicio da acuicultura. O anteproxecto de lei tamén amplía a duración dos títulos habilitantes para o exercicio da acuicultura, pasando de 30 anos a un máximo de 50 anos, e adapta así, á última modificación da Lei de costas do Estado.

No eido da planificación, o documento regula os plans sectoriais de ordenación, a localización da actividade e a declaración das zonas de interese preferente. Neste sentido, a Xunta poderá declarar algunhas zonas como de interese preferente para a acuicultura, o que significa que nelas se promoverá o desenvolvemento económico e o emprego nas zonas costeiras ou do interior, a través da expansión da acuicultura.

Outro aspecto moi presente na futura normativa é a integración ambiental, procurando o óptimo aproveitamento do territorio con pleno respecto ao ambiente e á paisaxe. Deste xeito inclúese nos plans, entre outros criterios de ordenación, a capacidade de acollida (identificación da aptitude do territorio para a localización dos establecementos de acuicultura). Ademais presta atención ao cambio climático e aos plans hidrolóxicos, obriga o titular dunha planta a constituír e manter durante a vixencia da explotación un seguro de responsabilidade civil, exige a reposición da zona ao seu estado natural tras a extinción do título e establece un catálogo de prohibicións.

Contexto

A relevancia da acuicultura no mundo é notoria na actualidade. De feito, a FAO estima que no ano 2050 haberá 2,3 millóns de persoas máis que necesitarán un 70 % máis de alimento. De aí, a necesidade de incrementar a produción de alimentos de orixe acuática a

través da acuicultura como actividade sustentable, viable e rendible. A Unión Europea é consciente desta necesidade e aposta firmemente pola acuicultura. Así, Galicia destinará case 130 millóns de euros a través do Fondo Europeo Marítimo da Pesca para impulsar esta actividade.

Neste contexto, España aproba o Plan estratéxico plurianual da acuicultura, que comprende actuacións e medidas encamiñadas a simplificar e homoxeneizar o marco legal e administrativo, reforzar a representación do sector e incrementar a produción acuícola española e a súa competitividade, entre outros aspectos.

En Galicia, a Xunta tamén é consciente de que a acuicultura é un elemento clave para o desenvolvemento económico e aposta firmemente por ela. De feito, vén traballando dende 2009 en recuperar de xeito sólido esta actividade. Proba disto foi a declaración da acuicultura como actividade de interese público de primeira orde, a aprobación da Estratexia galega da acuicultura (ESGA) e a aprobación inicial do Plan director de acuicultura litoral de Galicia declarándoa de incidencia supramunicipal e adaptándoa ao Plan de ordenación do litoral (POL).

A XUNTA CONTIRÚESE COMO ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLA MORTE POR VIOLENCIA DE XÉNERO DE DIVINA MENDES PEREIRA DA SILVA

- ***Dende o ano 2013, o Consello da Xunta aprobou constituírse como parte en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero***
- ***Na actualidade, son 8 os procesos penais nos que o Goberno se constituíu como parte***

A Asesoría Xurídica da Xunta constituíuse como parte por instancia da Secretaría Xeral da Igualdade, como acción popular no caso da morte de Divina Mendes Pereira da Silva por violencia de xénero. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia constituíronse como parte nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Violencia sobre a Muller número 1 de Vigo, que o aceptou.

No ano 2013, o Consello da Xunta aprobou o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero. No dito acordo dispónse que os/as letrados/as da Xunta de Galicia presentarán perante o Xulgado de Instrución ou de Vixilancia de Violencia sobre a Muller onde se estea a tramitar unha instrución por falecemento por causa de tal violencia de xénero, escrito procesual en que exerceu a acción popular constatada a súa existencia.

Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento aos artigos 30 e 31 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.

A XUNTA AUTORIZA UN NOVO PARQUE DO CONCURSO EÓLICO CUN INVESTIMENTO DE 7,6 MILLÓNS NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DA ESTRADA

- ***O parque eólico de Monte Arca primeira fase contará con 3 aerogeradores que suman 9 MW e producirán máis de 31.600 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de 7.300 fogares galegos***
- ***Trátase do décimo segundo parque do concurso aprobado, contando a infraestrutura con capacidade para superar as 3.500 horas equivalentes de vento anuais, un 52 % máis que a media nacional***
- ***Con este parque, o concurso eólico suma 263 MW autorizados, cun investimento de case 360 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe un novo parque do concurso galego, o eólico de Monte Arca primeira fase, situado no concello pontevedrés da Estrada. A infraestrutura, que recolle un investimento de preto de 7,6 millóns, estará composta por 3 aerogeradores que suman 9 MW, con capacidade para producir máis de 31.600 MW/h ao ano, o equivalente ao consumo anual de 7.300 fogares galegos.

A aprobación desta instalación, promovida por Vento Continuo Galego, S.L., supón un importante avance na aposta estratéxica da Xunta de Galicia polo desenvolvemento desta enerxía, así como polo impulso do concurso eólico. Neste sentido, o de Monte Arca é o decimo segundo parque do concurso aprobado, tras as autorizacións dos eólicos de Acibal, Mondigo, Faro, Cernego, Pico Seco, Friol, Paraño Oeste, Xinzo Norte, Chan do Eixo, Oural e Tenzas do Aire, que alcanzou un total de 263 MW e un investimento de case 360 millóns,

Así mesmo, cómpre salientar que esta nova infraestrutura ten capacidade para superar as 3.500 horas equivalentes de vento anuais, un 52 % máis que a media española que se sitúa en preto de 2.500.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria segue a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado do sector e á creación de emprego e riqueza para a sociedade. Por este motivo, activou distintas medidas fiscais, técnicas e financeiras consensuadas co sector que dinamizan a posta en marcha de proxectos.

Así mesmo, o Goberno galego ten moi en conta as administracións locais, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa máis de 114 millóns de euros destinados aos municipios. Neste contexto, o novo proxecto suporá unha importante fonte de financiamento para o Concello da Estrada, que poderá beneficiarse da recadación obtida do mencionado canon.

SANIDADE PON EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓN DO PROGRAMA PARA ACHEGAR A INVESTIGACIÓN AOS PACIENTES

- ***Na primeira edición do PRIS investíronse 2,4 millóns de euros***
- ***Ao programa presentáronse 32 proxectos e financiáronse un total de 9***
- ***Estas tecnoloxías desenvolvidas permitiron beneficiar a un total de 165 pacientes***

O Servizo Galego de Saúde pon en marcha unha nova edición do Programa de desenvolvemento precomercial dos resultados de investigación do sistema público de saúde de Galicia (PRIS), despois dos bos resultados acadados na primeira edición.

Os investigadores teñen ata o próximo 23 de outubro para presentar os seus proxectos. Posteriormente, nos meses de novembro e decembro, a empresa consultora seleccionada levará a cabo o proceso de análise das propostas.

Este novo proxecto está cofinanciado inicialmente a través dun acordo de colaboración entre a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Axencia Galega de Innovación (GAIN).

O PRIS persegue a identificación e apoio de proxectos de investigación con potencial para chegar ao mercado e promovidos polos profesionais do Sistema de saúde de Galicia. Enmárcase dentro do programa InnovaSaúde, no subproxecto de transferencia e difusión de resultados.

Resultados da primeira edición

Na primeira edición do PRIS, posto en marcha no mes de setembro do 2013, investíronse 2,4 millóns de euros. Destes, 1,4 millóns destináronse á investigación no ámbito hospitalario e 1 millón para codesenvolvemento coa industria, o que implicou a contratación de 29 empresas, permitindo impulsar a innovación en Galicia. Esta iniciativa estaba cofinanciada nun 80 % por fondos Feder-Fondo Tecnolóxico.

Ao programa presentáronse 32 proxectos e, tras un proceso de selección realizado en dúas etapas por expertos independentes externos, financiáronse un total de 9 proxectos que inclúen desde dispositivos de diagnóstico, terapias de rexeneración muscular, dispositivos médicos para o tratamento do cancro ata software de rehabilitación de pacientes con esquizofrenia. Neste senso, estas tecnoloxías desenvolvidas permitiron beneficiar un total de 165 pacientes.

Deste xeito, a Consellería de Sanidade e o Sergas apostan pola innovación como panca de cambio do sistema, con especial énfase na necesidade de promover a transferencia de coñecemento á práctica clínica e á sociedade.